



Bases Torneo

1. O campionato rexerese polas normas da R.F.E.T podendo participar todos aqueles que **POSÚAN LICENZA FEDERATIVA EN VIGOR POR UN CLUB OURENSÁN OU EN CASO CONTRARIO ACREDITAR HABER NADO OU SER RESIDENTE NA PROVINCIA DE OURENSE.**
2. Nº homologación: 989
3. Bola oficial: BABOLAT GOLD
4. O torneo celebrarase:
 - Categorias xuvenís (benxamín, alevín, infantil, cadete e junior) formato fin de semana (de venres a domingo) os días: 4, 5, 6, 11, 12, 13, 18, 19 e 20 de outubro.
 - Categorias senior (absoluto, veteranos e dobres): do 7 ao 20 de outubro.
5. Nas categorías de Absoluto, Junior e Cadete xogarase o mellor de 3 sets
No resto das categorías o xogo será o mellor de 3 sets con supertiebreak no último set.
Por decisión do Xuíz Árbitro, poderase modificar o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos de tempo ou meteorolóxicos.
6. En Tenis disputaranse as categorías masculinas y femininas de: Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Junior, Absoluto, +35, +45, +55, Dobres e Dobres Mixtos.
7. Xogárase unha fase previa local do 4 ao 6 de outubro en Verín, A Rúa e Ribadavia-Carballiño. Na fase previa disputaranse todas as categorías que presenten un mínimo de 4 inscritos. Clasificaranse para a fase final, que se disputará no Club Santo Domingo, os finalistas das fases previas locais.
8. As probas xogaranse con cadro de polo menos 4 xogadores/as en categorías xuvenís e 6 xogadores no resto das categorías. Os cadros finais serán dun máximo de 32 xogadores/as. No caso de exceder este número celebrarase unha fase previa pasando 28 xogadores/as directamente e 4 procedentes dunha fase previa.
9. E obrigación dos xogadores/as decatarse da data e hora dos seus partidos. O xuíz árbitro poderá aplicar W.O. a todo xogador/a que non se presente a xogar 10 minutos despois da hora oficial sinalada para o seu partido.
10. Recoméndase a todos os xogadores/as que teñan problemas de horarios comuníquenlo ao inscribirse. Poderanse adiantar os partidos de común acordo, previo consentimento do Xuíz Arbitro e segundo dispoñibilidade de pistas, pero en ningún caso atrasalos.

11. INSCRICIÓN: finalizarán o 1 de outubro ás 19:00 horas, formalizaranse a través da páxina web de IBERTENIS: www.ibertenis.com

Cotas de inscrición:

Absoluto masculino e feminino: 12,00 € (15 € se se apunta nunha 2ª categoría)

Dobres: 8,00 € (por parella)

Resto das categorías: 6 € (10 € se se apunta nunha 2ª categoría)

O mesmo xogador poderá apuntarse a un máximo de dous categorías individuais máis dobres.

12. O pago farase efectivo antes do día 30 de setembro, ben nas oficinas do Club Santo Domingo ou mediante ingreso na conta de ABANCA: ES75 2080 3529 6130 4003 1888 indicando no concepto, o nome do xogador inscrito. No caso de quedar deserta algunha proba, a organización habilitará os medios para a devolución do importe da inscrición.
13. PREMIOS E REGALOS: Repartiranse vales de material deportivo para campións e subcampións de todas as categorías xuvenís e premios en metálico para campións, subcampións, e semifinalistas das categorías de absoluto. A contía dos premios en metálico nas categorías de absoluto determinarase de maneira proporcional ao número de inscricións de cada proba. A repartición farase pública antes do comezo da competición. Trofeos para campións e subcampións en todas as categorías.
14. O sorteo será no Club Santo Domingo o 2 de outubro ás 11:00 h. Os cadros e horarios serán publicados coa debida antelación na páxina www.ibertenis.com. É obrigación dos xogadores comprobar os horarios dos partidos
15. Os xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes, ao código de conduta. Non se tolerarán comportamentos inadecuados e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, debendo primar en todo momento o máximo respecto ao resto dos compañeiros, competidores, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador. Aplicarase o código de conduta co máximo rigor.
16. Todas as cuestións que se susciten non determinadas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro. As súas decisións serán inapelables.
17. Xuíz arbitro : Ricardo Alvarez (Richard) . Tfno: 670 220 339
18. Organiza: Club Santo Domingo – Ourense
19. Patrocina: Excma Deputación de Ourense

